Dereitos das persoas interesadas respecto dos seus datos persoais

A Xunta de Galicia garantirá e facilitará en todo momento á cidadanía o exercicio dos seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal. Estes dereitos son:

- **Dereito de acceso**: dereito a obter confirmación sobre se se están tratando os datos e información, no seu caso, sobre o devandito tratamento.
- **Dereito de rectificación**: dereito a solicitar a rectificación dos datos cando sexan inexactos.
- **Dereito de supresión ou esquecemento**: dereito a obter a supresión dos datos nos termos previstos na normativa vixente.
- **Dereito de oposición**: dereito a opoñerse, en calquera momento a que os datos persoais sexan obxecto de tratamento.
- **Dereito á limitación do tratamento**: dereito a que o responsable limite o tratamento dos datos da persoa interesada nos supostos recollidos na normativa vixente.
- **Dereito á portabilidade dos datos**: dereito a recibir os datos que proporcionou nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, ou a que sexan transmitidos directamente a un terceiro nos supostos establecidos na normativa vixente.
- **Dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas**: dereito a non ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado, incluída a elaboración de perfís, que produza efectos xurídicos no interesado ou lle afecte significativamente de modo similar.
- **Dereito a retirar o consentimento**: cando o tratamento dos datos estea baseado no consentimento das persoas interesadas, estas poderán retirar o consentimento outorgado en calquera momento, sen que iso afecte á licitude do tratamento previo á súa retirada.

Sen prexuízo de calquera outro recurso, as persoas interesadas terán dereito tamén a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (Axencia Española de Protección de Datos).

Tramitación dos dereitos

- **En liña:** na sede electrónica da Xunta de Galicia a través do procedemento denominado PR004A.
- **Presencial:** presentando a súa solicitude asinada e por escrito en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia ou en calquera

outra oficina ou rexistro dos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común para a presentación de documentos que as persoas interesadas dirixan ás Administracións públicas.